

ACTA NÚM. 12 - DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA TRECE DE XULLO DE 2015.

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **nove horas** do día **trece de xullo de 2015**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión extraordinaria.

A S I S T E N:

Don Martiño Noriega Sánchez, **alcalde-presidente**.

Concelleiros/as:

Compostela Aberta (CA):

Dona María Rozas Pérez.
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez.
Don Xan Xesús Duro Fernández.
Dona Concepción Fernández Fernández.
Don Manuel Dios Diz.
Dona Marta Irene Lois González.
Don Rafael Peña Vidal.
Dona Noa María Morales Sánchez.

Partido Popular (PP):

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas.
Dona María José Castro Carballal.
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.
Dona María José Corral López.
Don Manuel Martínez Varela.
Dona Teresa María Gutiérrez López.
Dona María Teresa Cancelo Márquez.
Don Claudio Ricardo Montiel Carracedo.

Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE):

Don Francisco Reyes Santiás.
Dona María José Tobar Quintanar.
Don Gonzalo Muíños Sánchez.
Dona María Milagros Castro Sánchez.

Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Don Rubén Cela Díaz.

Dona María Goretti Sanmartín Rei.

Dona Inmaculada Viña Carregal, **Interventora do Concello.**

Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, **Secretario Xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.**

Non asiste a concelleira, Dona Branca Petra Novo Rey.

ORDE DO DÍA:

- 1. Réxime de indemnizacións e dedicacións exclusivas dos membros da corporación.**
- 2. Debate e proposta para que xunta de goberno adopte o oportuno acordo sobre a fixación do número, retribucións e características do persoal eventual.**
- 3. Debate e proposta para que xunta de goberno adopte o oportuno acordo sobre o nomeamento de representantes en organismos supramunicipais, organismos autónomos, fundacións, empresas públicas, sociedades mixtas e consellos sectoriais de actuación municipal.**
- 4. Debate e proposta para a fixación da presidencia efectiva das comisións informativas.**
- 5. Proposta da alcaldía ao pleno sobre a fixación do número de representantes no Consorcio e nos Consellos da capitalidade, económico e social e sectoriais.**
- 6. Proposta da alcaldía ao pleno sobre a creación e composición da comisión asesora do Casco Histórico.**

Cumpriméntase así:

1. RÉXIME DE INDEMNIZACIÓNS E DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN.

O 9 de xullo de 2015, o Sr. Alcalde formulou unha proposta co obxecto de adoptar o acordo do epígrafe.

O voceiro do grupo municipal socialista formulou unha emenda a dita proposta o 10 de xullo seguinte, co número de rexistro de entrada 86.

Tamén formulou unha emenda á citada proposta o voceiro do grupo municipal popular o 10 de xullo de 2015, número de rexistro 84.

Toma a palabra o **Sr. Alcalde-Presidente**, especificando que a pesar de que a orde do día recolle seis puntos, hai un acordo co resto dos portavoces das diferentes forzas de corporación de tratalos de maneira conxunta e poder votalos de maneira conxunta.

Pasa a facer unha serie de consideracións breves sobre algunhas cuestións que se foron presentando estes días para que quede claro o acordo e propón pasar a unha quenda de intervencións que tamén se decidiu empregar para tratar os seis puntos.

Durante estes días, dende que se fixo a proposta, foron presentándose diferentes emendas por rexistro, nalgún caso, rectificativas dalgún erro que figuraba na proposta, e noutros casos de engádegas. Ata o venres a última hora foron admitidas no que era o texto orixinal da proposta, todas as emendas recibidas, tanto por parte do grupo municipal popular, como do grupo municipal socialista, no que son as propostas do pleno.

Hai unha do Partido Popular que estaba pendente de estudo que tiña que ver coa representación no Consello de Administración do Auditorio de Galicia, unha modificación que eles presentan, que non estaba de momento recollida na proposta e que entenden que hai que recollela, pois fala dun reparto máis equitativo, tendo en conta que a presidencia no Auditorio depende directamente da alcaldía, ou persoa na que delegue, e de manterse a proposta orixinal quedaría bastante asimétrica a representación, porque quedarían tres membros Compostela Aberta, un PP, e un PSOE e un BNG.

A emenda do Partido Popular vai no sentido de reequilibrar, tendo en conta que a presidencia é propia de alcaldía ou persoa en quen delegue, por analoxía coas comisións, onde o reparto é dúas persoas Compostela Aberta, dous PP, un PSdeG-PSOE e un BNG, tendo en conta o tema da presidencia.

Explica que logo hai dúas emendas presentadas a partir do sábado, por parte do BNG e do Partido Popular, no caso do partido popular “in voce”, que supoñen pequenos axustes que aínda están por cuantificar ou por determinar respecto ao persoal eventual, sen un aumento de custo. Teñen que ver con axustes de categorías.

Dado que o acordo de persoal eventual ten que ser aprobado definitivamente en xunta de goberno, falouse cos portavoces co obxecto de poder axustar proposta á Xunta de Goberno, e calcular esas propostas de reequilibrio de niveis do persoal eventual, que non modifican a proposta no substantivo.

Conclúe dicindo que esas son as cuestións que quería deixar enriba da mesa. Basicamente recolléronse todas as emendas presentadas, incluída, a do Partido Popular de reequilibrio da representación no Auditorio e as outras dúas emendas tanto "in voce", como por escrito do BNG e do PP serán recalculadas con vontade de ser recollidas na aprobación definitiva na Xunta de Goberno, dado que hai que facer os cálculos no departamento de persoal. Insiste en que a vontade é recollelas.

As propostas son transparentes, forman parte das conversas da xunta de portavoces. Considera que con isto cumpriron coa necesidade de dotar de medios ao goberno municipal e á oposición, e calcular o diferencial existente entre a responsabilidade de goberno e a de oposición, tentando de garantir a pluralidade no conxunto dos órganos e no conxunto dos lugares onde a corporación ten representación.

O **Sr. Alcalde Presidente** propón pasar á quenda intervencións.

Toma a palabra **Don Rubén Cela Díaz, concelleiro do grupo municipal do BNG.**

Comeza dicindo que vai tratar de ser moi breve, porque xa teñen debatido tempo de abondo sobre esta cuestión.

Considera que o que van aprobar hoxe é unha boa nova para Santiago de Compostela, e que é un acordo que nin foi doado, nin rápido, pero o importante deste tipo de cousas non é como comezan, senón como rematan.

Citando ao alcalde, considera que cúmprese cun principio fundamental que é que o goberno teña os medios humanos e materiais imprescindibles para poder exercer o seu labor de goberno, e que a oposición tamén poida contar con eses medios para cumprir co mandato que lle deu a cidadanía de fiscalización e propositivo para mellorar a calidade de vida dos veciños e veciñas da cidade.

Di que a proposta no seu conxunto, é unha proposta ponderada e proporcional ao que teñen determinado as urnas, pero cun factor correctivo como non podía ser doutro xeito, a favor do grupo de goberno e ademais, serve para optimizar os recursos municipais.

Esta proposta de organización do pleno municipal para os vindeiros catro anos vai permitir un aforro de custos, que o goberno poderá empregar noutro tipo de cuestións que neste momento son máis urxentes.

Esta proposta no seu conxunto, os seis puntos, teñen algo que para o Bloque Nacionalista Galego, era moi importante, aínda que fora unha cuestión fundamentalmente simbólica, que é que se debatesen, como están a facer hoxe e a aprobar nunha sesión plenaria, como sempre se fixera ata agora respecto aos puntos que tiñan que ver co pleno de organización.

Polo tanto, aínda que formalmente despois se aprobe en xunta de goberno, hoxe están a falar do persoal eventual, e da representación deste concello en diferentes institucións, organismos ou comisións.

Dende o Bloque Nacionalista Galego sempre tiveron unha vontade de chegar a un acordo neste sentido, porque despois de como foi o anterior mandato, consideran que era moi importante, que se poida comezar o novo cun acordo unánime da corporación, nun aspecto tan importante como a organización do pleno nos vindeiros catros anos.

Con esa vontade acudiron sempre ás diferentes xuntanzas onde debateron sobre estas cuestións. Nese sentido, plantexaron no seu día tamén unha proposta conxunta, que non é unha proposta de parte do Bloque Nacionalista Galego, senón que era unha proposta que tentaba resumir un pouco o que se falara e o que se recollera en xuntanzas anteriores, e que foi un punto de partida positivo para intentar desbloquear este acordo.

Finalmente todos os grupos con representación municipal, demostraron madurez e responsabilidade e demostraron, tamén, xenerosidade á hora de ceder para poder chegar hoxe cunha proposta de consenso, e que o pleno poida aprobar por unanimidade estes seis puntos, que van definir como vai ser a organización deste concello nos vindeiros catro anos.

Polo tanto, considera que hoxe é unha boa nova para o goberno, para a oposición, pero sobre todo cre que é unha boa nova para Santiago de Compostela.

De seguido toma a palabra o Sr. **Reyes Santiás, concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE.**

Comenza dicindo que para o grupo municipal do PSdeG-PSOE, o pleno que hoxe están a celebrar, enmárcase dentro da máis absoluta normalidade. De feito o regulamento de funcionamento das administracións locais, establece claramente que para establecer a organización dos concellos, o alcalde, terán que convocarse sesión ou sesións extraordinarias. Polo tanto a primeira parte das decisións con respecto á organización do Concello de Santiago de Compostela para os próximos catro anos tivo lugar o luns pasado, unha semana máis tarde, cumprindo claramente a normativa legal, e convócase esta segunda sesión e vanse acordar os puntos que quedaron pendentes.

Con respecto ao primeiro punto da orde do día, quere subliñar varias cousas:

A primeira é que se conseguiron varios obxectivos. O primeiro o aforro no que dende o primeiro momento todos os grupos que teñen representación nesta corporación estiveron de acordo porque todos entenden que nesta situación non pode esquecerse que hai 22.000 persoas en Santiago en risco de exclusión social, e 4000 persoas en Santiago que viven en situación de extrema pobreza. A exemplaridade e a solidariedade que teñen que amosar, neste caso, os membros, os compoñentes da corporación, é esencial.

Claramente non esperan que do aforro se poidan facer moitas cousas neste concello, pero o que si é certo, é que o aforro era imprescindible para cumprir con ese criterio de exemplaridade e solidariedade que todos deben aos concidadáns e concidadás.

O segundo obxectivo era claramente non afogar a actividade do goberno, con maioría simple votada por parte dos veciños e das veciñas de Santiago de Compostela, que lle fixeron o encargo de levar adiante unha acción de goberno, para a que claramente necesita os recursos suficientes, que a partir deste pleno vai ter.

Do mesmo xeito, a intención era non afogar a actividade da oposición, que ten fundamentalmente dous aspectos:

O primeiro é xeneralizado para todos é claramente a fiscalización da acción de goberno. Particularmente o Partido Socialista entende que tamén a garantía das políticas públicas, e a garantía das políticas sociais.

Existe algunha cuestión puntual que plantexan nas emendas que fai referencia a que as dedicacións non deberían cualificarse como medias, senón como parciais. Pero iso é un aspecto puramente formal que vai ser modificado con toda seguridade.

Resalta que o acordo levou o tempo que tiña que levar. Están diante dun mandato moi particular porque dende o 79 non existe un goberno que teña maioría simple. Opina que neste mandato de catro anos tanto o goberno como a oposición van ter que reunirse, falar, acordar, achegar posturas, sempre mirando o interese da cidade, o interese de Santiago de Compostela.

Di que a partir da aprobación destes puntos o que aparecen son unhas liñas claramente de cor granate, que como todos saben é a cor da cidade.

A partir de agora o importante é que entre todos constrúan esta cidade, sempre, claramente cada un defendendo o programa electoral que foi votado nas eleccións.

Eles senten unha especial satisfacción por ter acadado unha participación proporcional nos consellos de administración dos diferentes entes instrumentais, e valóranos moi positivamente.

Da mesma maneira valoran moi positivamente que unha vez máis, mesmo, aqueles asuntos que son competencia da xunta de goberno, se leven e se aproben en pleno.

Tamén valoran moi positivamente, o traballo que os catro grupos con representación no concello fixeron ao longo das catro reunións que tiveron lugar, porque houbo enriba da mesa un mínimo de oito propostas, e sobre esas oito propostas, foise traballando, e foise conseguindo o achegamento. O que hoxe se presenta é unha proposta dos 25 concelleiros e concelleiras desta corporación.

Rematando, tamén quere subliñar a importancia da proposta da comisión asesora do casco histórico, que representa a continuidade dunha comisión que para eles é esencial para a preservación do casco histórico da cidade, que é cidade patrimonio da humanidade.

Toma a palabra don **Agustín Hernández, concelleiro do grupo municipal do PP.**

Comeza dicir que o grupo maioritario da oposición está plenamente satisfeito polo acordo pechado hoxe, non tanto, polo seu contido, senón porque acredita que chegar a este acordo era posible. O Partido Popular, o grupo popular do concello dá por boa, incluso, a celebración do pleno anterior, porque probablemente do desacordo daquel pleno xurde o acordo de hoxe.

Continúa dicindo que o presente acordo é certo que significa renuncias, probablemente de todos os grupos. Eles teñen interiorizado que o grupo popular é o grupo que máis ten renunciado para chegar a este acordo, pero en todo caso, dan por bo o punto de encontro.

Consideran que este acordo vai permitir que deixen de preocuparse polos problemas dos grupos, pois aínda que importante non é o principal traballo que se ten que facer neste concello, neste pleno e nos diferentes centros directivos.

O principal traballo que se ten que facer é preocuparse dos problemas da veciñanza, dos problemas dos veciños e das veciñas do noso concello.

Non ten ningunha dúbida que vai permitir no referente ao Partido Popular que poida facer o que xa está a facer, que é unha oposición leal, firme, e rigurosa para responder a eses veciños que apoiaron a súa candidatura.

Remata dicindo que é un día positivo para o concello, como subliñaron os compañeiros do BNG e do Partido Socialista, e un día que vai permitir que poidan comezar de xeito normal este novo mandato municipal.

Toma a palabra a Sra. Lois González, concelleira do grupo municipal do CA e delegada de Área de Igualdade.

Di que hoxe é un día importante para Concello de Compostela. Dende o grupo de Compostela Aberta están moi satisfeitos de chegar hoxe luns a este acordo unánime, nese sentido, un acordo histórico tamén para o concello.

Tralo primeiro pleno, a primeira tentativa de pleno de organización, onde houbo grandes discrepancias cos grupos da oposición, hoxe están aquí, para recoller un consenso, para darlle forma a esa construción de consenso que sen lugar a dúbidas non significaba en ningún momento, un consenso a base de imposicións, senón un consenso onde todas as partes tiñan que ceder parte das súas demandas e construír puntos en común.

Puntos para unha proposta acordada en termos ponderados, en termos inclusivos, e en termos de corrección, tal vez, desas necesidades que dende os grupos da oposición viñan demandando dunha maior corrección da representación do persoal eventual en termos dun axuste de proporcionalidade.

O acordo acadado hoxe aquí lévase a cabo sen renunciar aos puntos fixados por Compostela Aberta no pleno anterior. É dicir, os compromisos coas liñas vermellas, co seu código e finalmente o compromiso co aforro, como indicaron os grupos da oposición.

É un día importante, non só polo simbólico dun acordo unánime, senón pola memoria histórica á que apelou na sesión anterior. Recoñece que nos anteriores mandatos do goberno popular con maioría, e do señor Bugallo en coalición co BNG trouxéronse todos os puntos ao pleno. Tal vez hoxe deron un paso máis, tendo en conta que naquelas ocasións foron votados cos votos en contra, nunha ocasión do Partido Popular e noutra ocasión dos grupos da oposición.

Nese sentido, Compostela Aberta, máis aló de que moitos e moitas estes días subliñasen a falta de experiencia institucional, que así o é, están aquí hoxe, con vontade de compromiso e aprendizaxe. Engade que se senten orgullosos e orgullosas deste momento, no sentido de que nesta sesión están todos nun proceso de construción efectivo de consenso. É dicir, que os grupos da oposición, e o grupo de goberno chegaron a un acordo.

Conclúe dicindo que dende o grupo de Compostela Aberta, queren agradecer todo o labor e traballo dos grupos da oposición para traer hoxe ese acordo aquí, e manifestar publicamente ese exercicio de responsabilidade institucional por parte de todos os grupos.

Toma a palabra o **Sr. Alcalde Presidente**.

Considera que hoxe é un motivo para venizarse e que este pleno forma parte tamén dun proceso no que concorda con don Agustín Hernández, no que ao mellor o pleno anterior aportou o acordo e a dinámica de acordo entre os catro grupos, porque permitiu clarificar posicións e fixar criterios. Polo tanto considera que cumpriron con axustarse ao seu código ético, e tamén cunha proporcionalidade entendida cun diferencial entre responsabilidade de goberno, e responsabilidade de oposición.

Di que son tamén leais aos acordos adoptados nos últimos mandatos en canto a dotar de medios, tanto á acción de goberno na súa xusta medida como á acción de fiscalización de oposición e destaca que conqueriron tamén un aforro significativo que segundo os seus cálculos pode chegar ao final do mandato a 1 millón e medio de euros en catro anos.

Polo tanto, considera que é o momento mellor de pechar a dotación de recursos necesarios para poder facer traballo na corporación e no concello e de abrir unha nova etapa máis de debate, de proposicións, de contraproposicións e en definitiva, de democracia. Dálles os parabéns a todos os portavoces polo seu esforzo.

Remata dicindo que el defendeu na sesión anterior que o consenso se atopaba nun lugar onde todos cedían, e coida que aquí todos cederon, co cal resalta que é positivo verse neste consenso.

Rematada a quenda de intervencións, apróbanse por unanimidade as seis propostas.

Xa que logo o pleno da corporación, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte acordo:

1- CARGOS CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA, E POLO TANTO CON DEREITO A RETRIBUCIÓN ESTABLÉCENSE AS CONTÍAS, INCLUÍDAS PAGAS EXTRAORDINARIAS:

A) AO ALCALDE: poderá acollerse á dedicación exclusiva por razón do volume de traballo a realizar con unha remuneración de 51.000 € brutos/ano (nunca superando os 36.000 € netos/ano).

B) AS e OS CONCELLEIROS delegados poderán acollerse á dedicación exclusiva por razón do volume do traballo a realizar, equiparándose a efectos retributivos aos funcionarios do Grupo A1, Nivel 26. Colocando o límite de dedicacións para o goberno en oito. Coa excepción do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía.

C) Ademais existirán dúas dedicacións exclusivas e media a disposición do grupo maioritario da oposición (PP), unha dedicación exclusiva e media máis polo segundo grupo da oposición (PSOE) e unha dedicación exclusiva para o terceiro grupo da oposición (BNG), equiparándose a efectos retributivos aos funcionarios do Grupo A1, Nivel 26. As medias dedicacións terán a equivalencia de 24 horas semanais.

2.- OS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL OUE NON TEÑEN DEDICACIÓN EXCLUSIVA PERCIBIRÁN:

a) Por asistencia a órganos colexiados as indemnizacións vixentes no orzamento municipal.

b) Indemnización, axudas de custo e gastos de representación de acordo coas bases que rexen no orzamento municipal.

3.- OS GRUPOS MUNICIPAIS percibirán para o desenvolvemento das súas actividades unha subvención de acordo co previsto nos orzamentos municipais.

4.- Os membros da Corporación terán dereito a recibir indemnizacións polos gastos ocasionados no exercicio do cargo, cando sexan efectivos, e previa xustificación documental, segundo as normas de aplicación xeral nas administracións públicas e as establecidas nas bases de execución do Orzamento.

5.- Aqueles membros corporativos que perciban retribucións en forma de dedicación exclusiva, e teñan acreditados trienios na función pública ou en réxime de dedicación exclusiva ao Concello de Santiago e o dereito a axuda familiar, se lles incorporará nos seus haberes mensuais.

6.- Facúltase ao Alcalde para que designe aos concelleiros que desempeñarán os cargos en réxime de dedicación exclusiva, dando conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que se celebre, despois da designación e aceptación da mesma polos interesados.

7.- Tendo en conta que a proposta que se realiza supón a dotación de inferiores recursos dos consignados no actual orzamento do 2015, acórdase remitir o expediente a intervención aos efectos regulamentariamente establecidos.

2. DEBATE E PROPOSTA PARA QUE XUNTA DE GOBERNO ADOPTE O OPORTUNO ACORDO SOBRE A FIXACIÓN DO NÚMERO, RETRIBUCIÓN E CARACTERÍSTICAS DO PERSOAL EVENTUAL.

O 9 de xullo de 2015, o Sr. Alcalde presentou unha proposta co obxecto de adoptar o acordo do epígrafe.

Con posterioridade, o 10 de xullo seguinte o voceiro do grupo municipal do BNG formulou unha emenda ao parágrafo 5 da referida proposta.

Logo de aceptar a emenda formulada polo BNG, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes adopta o seguinte acordo en relación coa fixación do número, retribucións e características do persoal eventual:

1.- Un Coordinador de Gabinete da Alcaldía, en réxime de dedicación exclusiva. Equiparado a efectos retributivos cos funcionarios municipais do Grupo A1, Nivel 26.

2.- Cinco asesores nomeados pola Xunta de Goberno Local. Equiparados a efectos retributivos cos funcionarios do grupo A1, Nivel 22, distribuídos do seguinte xeito: 3 ao gabinete da alcaldía e 2 ao grupo municipal de Compostela Aberta.

3.- Un asesor. Equiparado a efectos retributivos cos funcionarios do Grupo A1, Nivel 20, adscrito ao grupo municipal do PSdeG-PSOE.

4.- Catro administrativos. Equiparados a efectos retributivos cos funcionarios do Grupo C1, Nivel 22, distribuídos do seguinte xeito: dous ao grupo de Compostela Aberta, dous ao PP.

5.- Unha praza de administrativo. Equiparado a efectos retributivos cos funcionarios do Grupo C1, Nivel 20, adscrita ao grupo municipal do PSdeG-PSOE.

6.- Dúas prazas de administrativos, condicionadas a que o custe de ambos os dous postos non supere o retribuído a unha praza e media de funcionario do grupo C1 nivel 20, adscritas ao grupo municipal do BNG.

7.- Dous administrativos. Equiparados a efectos retributivos cos funcionarios do Grupo C2, Nivel 14, adscritos ao grupo municipal do PP.

8.- Tendo en conta que a proposta que se realiza supón a dotación de inferiores recursos dos consignados no actual orzamento do 2015, acórdase remitir o expediente a intervención aos efectos regulamentariamente establecidos.

3. DEBATE E PROPOSTA PARA QUE XUNTA DE GOBERNO ADOPTE O OPORTUNO ACORDO SOBRE O NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES EN ORGANISMOS SUPRAMUNICIPAIS, ORGANISMOS AUTÓNOMOS, FUNDACIÓNS, EMPRESAS PÚBLICAS, SOCIEDADES MIXTAS E CONSELLOS SECTORIAIS DE ACTUACIÓN MUNICIPAL.

O 2 de xullo de 2015, o Sr. Alcalde presentou unha proposta co obxecto de adoptar o acordo do epígrafe.

O 10 de xullo seguinte o voceiro do grupo municipal do Partido Popular formulou unha emenda ao punto 2 da referida proposta.

Xa que logo, o Pleno da Corporación, logo de aceptar a emenda formulada polo grupo municipal popular, adopta por unanimidade dos presentes o seguinte acordo en relación coa representación dos grupos políticos nos organismos supramunicipais, autónomos, fundacións, empresas públicas e consellos sectoriais:

1.- No CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DE MERCAGALICIA, un representante de Compostela Aberta, un do PPdeG e un do PSdeG-PSOE.

2.- No CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DO AUDITORIO DE GALICIA, dous representantes de Compostela Aberta, dous do PPdeG, un do PSdeG-PSOE e un do BNG.

3.- Na Empresa Municipal de Transporte Urbano (TUSSA) e na Empresa Municipal de Información e Comunicación Local (INCOLSA), formarán parte como vogais dos seus respectivos Consellos de Administración en representación do Excmo. Concello de Santiago de Compostela dous concelleiros designados a proposta do Grupo Municipal de Compostela Aberta, dous/dúas concelleiros/as a proposta do Grupo Municipal Popular, un/ha concelleiro/a a proposta do Grupo Municipal Socialista e un/ha concelleiro/a a proposta do Grupo Municipal do BNG.

4.- O Alcalde formará parte, en representación do Excmo. Concello, da Xunta Xeral de UNINOVA e do seu consello de administración desta sociedade formarán parte ademais do Alcalde, un/ha concelleiro/a do PPdeG, un/ha do PSdeG-PSOE e un/ha do BNG.

5.- Na Sociedade Mercantil Xestión de Actividades Deportivas e Espectáculos S.L. (XADE) o Pleno elixirá a un/ha concelleiro/a en representación de cada un dos catro grupos municipais.

6.- Na FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS, un representante por cada grupo municipal.

7.- No CONSELLO ASESOR DE CONDECORACIÓNS, un representante por cada grupo municipal.

8.- Na COMISIÓN PROVINCIAL DE SANEAMENTO, designar ao concelleiro delegado de Saneamento, Xan Xesús Duro Fernández.

9.- Na COMISIÓN DE ESCOLARIZACIÓN, designar ao concelleiro delegado de Educación Manuel Dios Diz.

10.- Na COMISIÓN DE PATRIMONIO HISTÓRICO-ARTÍSTICO, designar ao concelleiro delegado de Cidade Histórica, Jorge Carlos Duarte Vázquez.

11.- Na SOCIEDADE DE CURSOS INTERNACIONAIS da Universidade de Santiago de Compostela, o Pleno estará representado pola concelleira delegada de Turismo, Marta Irene Lois González.

12.- Na FUNDACIÓN GALEGA PARA O DEPORTE o representante será a concelleira delegada de Deportes, Noa María Morales Sánchez.

13.- Na FUNDACIÓN COMPOSTELA DEPORTE o representante municipal será a concelleira delegada de deportes en calidade de Vicepresidenta, Noa María Morales Sánchez.

14.- Nas FUNDACIÓNS EUGENIO GRANELL, MUSEO DO POBO GALEGO E TORRENTE BALLESTER formarán parte dos seus respectivos consellos directivos a concelleira delegada de Acción Cultural, Branca Petra Novo Rey.

15.- Na FUNDACIÓN SÍNDROME DE DOWN a representante municipal será a concelleira delegada de Políticas sociais, Concepción Fernández Fernández.

4. DEBATE E PROPOSTA PARA A FIXACIÓN DA PRESIDENCIA EFECTIVA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS.

De conformidade coa proposta do Sr. Alcalde, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes, acorda que as comisións informativas do pleno sexan presididas por un/unha concelleiro/a do grupo municipal Compostela Aberta.

5. PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO SOBRE A FIXACIÓN DO NÚMERO DE REPRESENTANTES NO CONSORCIO E NOS CONSELLOS DA CAPITALIDADE, ECONÓMICO E SOCIAL E SECTORIAIS.

De conformidade coa proposta do Sr. Alcalde o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes adopta o seguinte acordo en relación co número de representantes no Consorcio, no Consello de Capitalidade, Consello Económico e Social e Consellos Sectoriais:

No CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO formarán parte o Alcalde-Presidente do Concello de Santiago de Compostela e como vogais os portavoces do grupo do PP e do PSdeG-PSOE. O portavoz do BNG asistirá como convidado.

No CONSELLO DA CAPITALIDADE, CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL E CONSELLOS SECTORIAIS a representación será a establecida nas respectivas normas específicas que rexen a súa composición e funcionamento.

6. PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO SOBRE A CREACIÓN E COMPOSICIÓN DA COMISIÓN ASESORA DO CASCO HISTÓRICO.

De conformidade coa proposta do Sr. Alcalde, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes acorda crear a seguinte comisión de informe, estudo e proposta de carácter permanente:

Comisión asesora do Casco Histórico. Estará composta por dous ou dúas concelleiros/as de cada un dos grupos municipais da corporación. O voto de cada concelleiro/a será ponderado segundo a representación proporcional que cada grupo ten no pleno municipal.

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-presidente a dá por finalizada sendo as 9:25 horas do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente,

O secretario xeral do pleno,

Martiño Noriega Sánchez

Fco. Javier Castiñeira Izquierdo